

Asistentes:

- D. Gaspar Pérez Carnero (Presidente).
- D^a Raquel Calleja Modia (Secretaria).
- D. Miguel Ángel Reboredo Otero (Estamento Entidades Deportivas: ACD Albatros).
- D. Antonio Espiñeira Cajaraville (Estamento de Entidades Deportivas: Club de Ajedrez Escola Padrón).
- D. Jesus Rodriguez Perez (Estamento de Entidades Deportivas: Club Xadrez Brétema).
- D. Angel Fco. Vilas Fernandez (Entidades Deportivas: Club Xadrez Fontecarmoa)
- D. Jose María Dorado Reboredo (Estamento de Deportistas)

En Padrón, ás 18:10 horas do 20 de Xaneiro de 2023, e coa asistencia dos membros mencionados na marxe, celébrase xuntanza da xunta directiva da Federación Galega de Xadrez, coa seguinte

Orde do día:

1. Presentación e informe do Sr. Presidente.
2. Aceptación de cargos.
3. Proxecto e calendario deportivo da tempada 2023. Aprobación, se procede.
4. Orzamento 2023. Aprobación, se procede.
5. Convocatoria da AXE. Aprobación, se procede.
6. Cotas de licenzas tempada 2023. Aprobación, se procede.
7. Outros asuntos e propostas.

Entregada toda a documentación relativa a esta reunión, iníciase a mesma seguindo os puntos da orde do día.

1. Presentación e informe do Sr. Presidente.

D. Gaspar Pérez Carnero, Presidente electo do proceso electoral celebrado no 2022, da a benvinda aos asistentes e realiza un breve informe de cómo serán estos vindeiros 4 anos.

2. Aceptación de cargos.

Todos os membros da Comisión Delegada formalizaron a aceptación do seu cargo.

3. Proxecto e calendario deportivo da tempada 2023. Aprobación, se procede.

Preséntase aos asistentes o Proxecto e Calendario Deportivo 2023.

- Campionatos Provinciais 2023:

Trala reunión da Xunta Directiva, expónse os acordos correspondentes:

- Lugo: a Escola Luguesa de Xadrez para realizar todas as categorías.
- Ourense: o Clube Deportivo Xadrez Ourense para realizar as categorías Sub-08 a Sub-18 e a Absoluta se se pode organizar con ritmo rápido ao igual que o ano pasado.
- Pontevedra: o Club Xadrez Fontecarmoa para organizar todas as categorías.
- A Coruña:
 - Xadrez das Mariñas organizaría as categorías Sub-08, Sub-10, Sub-12 e Sub-14.
 - Escola de Xadrez Compostela levaría a cabo Sub-16, Sub-18 e Absoluta.

Tamén habería que pórse en contacto cós colaboradores dos diferentes Campionatos Provinciais para que actualicen os ritmos de xogo atendendo ao estipulado no Regulamento Xeral de Competicións, xa que hoxe en día xa non hai que tomar medidas excepcionales sanitarias.

- Campionatos Galegos 2023:

Organizaríanse tanto os Campionatos Galegos de Entroido coma os de Semana Santa no Hotel Scala. Modificáronse as datas de celebración da categoría Sub-16 xa que podería haber problemas de aloxamento e salas de xogo.

Preséntanse as cotas aprobadas pola Xunta Directiva:

Campionato	Cota por xogador 2023
Campionato Galego Sub-8	10 €
Campionato Galego Sub-10	15 €
Campionato Galego Sub-12	15 €
Campionato Galego Sub-14	15 €
Campionato Galego Sub-16	15 €
Campionato Galego Sub-18	15 €



Campionatos Galegos Absolutos	15 €
Campionatos Galegos Rápido/Relámpago	10 €/campionato

- **Liga Galega por Equipos de Club:**

Preséntanse os prazos para a afiliación 2023, que poden ter unha leve modificación:

- o Envío documentación afiliación: Martes, 24/01/2023
- o Notificación Altas/Baixas equipos: ata o Domingo, 05/02/2023 (incluído)
- o Modificación Ordes de forza: ata o domingo, 12/02/2023 (incluído).
- o Publicación grupos provisionales: Luns, 13/02/2023 (pode que se adiante a data)
- o Sorteio equipos e grupos definitivos: Luns, 20/02/2023 (pode que se adiante a data).
- o Calendarios Liga: Mércores, 22/02/2023 (pode que se adiante a data)
- o Comezo da Liga Galega 2023: Sábado, 25/02/2023 ás 17:00 horas.

- **Copa Galicia 2023:** quedaría para o 27 e 28 de Maio de 2023.

Preséntanse as cotas aprobadas pola Xunta Directiva:

Equipos	Cota por equipo 2023
Copa Galicia Cadete	20 €
Copa Galicia Absoluta	20 €

- **Campionatos Galegos de Lóstrego e Rápidas 2023:** para o 03 e 04 de Xuño de 2023.
- **XXXIV Circuito Internacional Galego de Xadrez 2023:** realizarase unha reunión cós organizadores e buscar o consenso para aumentar os premios do Circuito para beneficiar a participación.
- **XVI Circuito Galego de Promoción 2023:** comezar no mes de Maio (os días festivos) e ata a clausura no mes de Novembro.

D. Diego A. Espiñeira González enviou á Fegaxa a proposta de aumentar os honorarios dos árbitros xa que levan desde o 2019 sen actualizar as cuantías.

Estudiarase có Comité de Árbitros o exposto para estudar o aumento dos honorarios para o 2024.

Apróbbase por unanimidade o proxecto e calendario deportivo da Tempada 2023.

Calendario 2023 – Anexo I.

4. **Orzamento 2023. Aprobación, se procede.**

O Sr. Presidente presenta o orzamento para o 2023.

Aumenta o gasto no Campionato de España de Seleccións do CSD 2023 xa que terá lugar en Albacete.

Non habendo preguntas, pásase á votación e apróbbase por unanimidade.

Orzamento detallado por programas 2023 – Anexo II.

5. **Convocatoria da AXE. Aprobación, se procede.**

A convocatoria da Asemblea Xeral realizarase no primer trimestre do ano, unha vez que se teña da asesoría o peche das contas do 2022.

6. **Cotas de licenzas tempada 2023. Aprobación, se procede.**

Mantéñense as cotas de licenzas para esta tempada 2023:

Xogador menor de 14 anos 3,00 €

Xogador maior de 15 anos 12,00 €

As cotas de licenzas de árbitros e adestradores tamén mantense.

Debido a que á Fedax está subindo as cotas das licenzas, haberá que empezar a estudar subidas graduales das licenzas dos deportistas a partir do 2024.

Non habendo propostas, apróbbase por unanimidade.

7. **Outros asuntos e propostas.**

D. Jose María Dorado Reboredo propón organizar unha Copa Galicia de Blitz para o 2024. A Federación Asturiana organizou unha un domingo pola mañá e tivo 31 equipos participantes. A idea é boa e proponen organizala para un sábado pola tarde.

Ao non haber máis asuntos e propostas que tratar, levántase a sesión ás 19:31 horas.

Vº e prace:

Dª Raquel Calleja Modia
Secretaría FEGAXA

D. Gaspar Pérez Carnero
Presidente FEGAXA





CALENDARIO DEPORTIVO TEMPADA 2023 FEDERACION GALEGA DE XADREZ

CAMPIONATOS PROVINCIAIS :

CATEGORIA	RITMO MÍNIMO	DATAS:	CATEGORIA	RITMO MÍNIMO	DATAS:
Absoluto	1 hora por xogador	Entre :	Sub-14	45 minutos por xogador	Entre :
Sub-18	1 hora por xogador		Sub-12	30 minutos por xogador	
Sub-16	45 minutos por xogador		Sub-8 / 10	30 minutos por xogador	

CAMPIONATOS GALEGOS :

CAMPIONATO GALEGO SUB-14 E SUB-18 1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	17:00 h.	18/02/2023	Sábado
	3ª rolda	10:00 h.	4ª rolda	17:00 h.	19/02/2023	Domingo
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	17:00 h.	20/02/2023	Luns
	7ª rolda	09:30 h.	8ª rolda	16:00 h.	21/02/2023	Martes
CAMPIONATO GALEGO SUB-10 60 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	16:00 h.	01/04/2023	Sábado
	3ª rolda	18:30 h.			01/04/2023	Sábado
	4ª rolda	10:00 h.	5ª rolda	16:00 h.	02/04/2023	Domingo
	6ª rolda	18:30 h.			02/04/2023	Domingo
	7ª rolda	10:00 h.	8ª rolda	16:00 h.	03/04/2023	Luns
CAMPIONATO GALEGO SUB-8 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	12:00 h.	18/02/2023	Sábado
	3ª rolda	16:00 h.	4ª rolda	18:30 h.	18/02/2023	Sábado
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	12:00 h.	19/02/2023	Domingo
	7ª rolda	16:00 h.	8ª rolda	18:30 h.	19/02/2023	Domingo
CAMPIONATO GALEGO SUB-12 60 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	16:00 h.	01/04/2023	Sábado
	3ª rolda	18:30 h.			01/04/2023	Sábado
	4ª rolda	10:00 h.	5ª rolda	16:00 h.	02/04/2023	Domingo
	6ª rolda	18:30 h.			02/04/2023	Domingo
	7ª rolda	10:00 h.	8ª rolda	16:00 h.	03/04/2023	Luns
CAMPIONATO GALEGO SUB-16 1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	17:00 h.	01/04/2023	Sábado
	3ª rolda	10:00 h.	4ª rolda	17:00 h.	02/04/2023	Domingo
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	17:00 h.	03/04/2023	Luns
	7ª rolda	09:30 h.	8ª rolda	16:00 h.	04/04/2023	Martes
CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO, FEMININO, VETERANOS 1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	1ª rolda	10:00 h.			06/04/2023	Xoves
	2ª rolda	17:00 h.			06/04/2023	Xoves
	3ª rolda	10:00 h.			07/04/2023	Venres
	4ª rolda	17:00 h.			07/04/2023	Venres
	5ª rolda	10:00 h.			08/04/2023	Sábado
	6ª rolda	17:00 h.			08/04/2023	Sábado
	7ª rolda	09:30 h.			09/04/2023	Domingo
Posibilidade de aumentar/suprimir algunha rolda según nº de inscritos.	8ª rolda	16:00 h.			09/04/2023	Domingo

LIGA GALEGA POR EQUIPOS:

90 min. + 30 seg./xogada en División de Honra. 1ª División e 2ª División. 3ª División xogarán 60' + 30"/xogada Descanso do 01/04/23 ao 09/04/23 (Semana Santa)	ROLDAS	DATAS	Hora comenzo: 17:00 h.-	ROLDAS	DATAS
	1ª	25/02/2023		7ª	22/04/2023
2ª	04/03/2023	8ª	29/04/2023		
3ª	11/03/2023	9ª	06/05/2023		
4ª	18/03/2023	10ª	13/05/2023		
5ª	25/03/2023	11	20/05/2023		
6ª	15/04/2023				

COPA GALICIA POR EQUIPOS:

27 e 28 Maio 2023 Cadete / Absoluta

CAMPIONATOS GALEGOS RAPIDAS e LÓSTREGO: 03 e 04 Xuño 2023.

XXXIV CIRCUITO INTERNACIONAL GALEGO DE XADREZ: Meses de xuño a setembro.

XVI CIRCUITO GALEGO DE PROMOCIÓN: Meses de maio a novembro.



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

ANO 2023

ORZAMENTO DETALLADO POR PROGRAMAS.			
GASTOS		ORZAMENTO	
P.1.-	GASTOS XERAIS DE FUNCIONAMENTO.	32.200,00 €	26,39%
1.-	Gastos de persoal.	27.000,00 €	
1.1.	Persoal administrativo,Seguridade Social, IRPF.	21.000,00 €	
1.2.	Asembleas,xuntas directivas,comisións delegadas e outras.	1.500,00 €	
1.3.	Dietas de directivos,administrativos,técnicos e outros.	4.500,00 €	
2.-	Gastos en bens correntes e servizos.	5.200,00 €	
2.1.	Correos e mensaxería.	400,00 €	
2.2.	Material de oficina.	900,00 €	
2.3.	Xestións páxina web e programas informáticos.	200,00 €	
2.4.	Telefono e internet.	800,00 €	
2.5.	Gastos de asesoría.	1.200,00 €	
2.6.	Gastos financeiros.	200,00 €	
2.7.	Primas de seguros.	900,00 €	
2.8.	Gastos de auditoría.	0,00 €	
2.9.	Outros gastos.	600,00 €	
P.3.-	CAMPIONATO DE ESPAÑA DE SELECCIONS CSD.	5.600,00 €	4,59%
1.	Campionatos de España de Seleccións Sub-14, Sub-16.	5.600,00 €	
P.4.-	ACTIVIDADE DEPORTIVA ORDINARIA.	84.200,00 €	69,02%
1.	Campionatos galegos infantil e xuvenil.	5.000,00 €	
2.	Campionatos galegos prebenxamin,benxamin,alevin,cadete,absolutos.	14.000,00 €	
3.	Campionato Galego Individual Xadrez Rapido.	400,00 €	
4.	Campionato Galego Individual Xadrez Relampago.	400,00 €	
5.	Campionatos Provinciais.	2.900,00 €	
6.	Liga Galega,programas de xestion deportiva.	35.000,00 €	
7.	Copas Galicia de clubs.	1.200,00 €	
8.	Circuito Galego Escolar de Promocion.	1.500,00 €	
9.	Circuito Internacional Galego.	5.000,00 €	
10.	Participación deportistas nos Campionatos Internacionais.	600,00 €	
11.	Participación deportistas nos Campionatos de España.	9.000,00 €	
12.	Participación dos clubs nos Campionatos de España.	1.200,00 €	
13.	Participación das Seleccións galegas.	1.000,00 €	
14.	Outras actividades.	500,00 €	
15.	Adestramentos por internet.	3.000,00 €	
16.	Concentracións deportivas.	1.000,00 €	
17.	Outras actividades, fomento e promoción deportiva.	500,00 €	
18.	Cursos de Arbitros.	500,00 €	
19.	Cursos de Monitores-Adestradores.	500,00 €	
20.	Seminario de Arbitros e Adestradores.	500,00 €	
21.	Outros Cursos.	500,00 €	
P.6.-	OUTROS PROXECTOS DE ESPECIAL RELEVANCIA.	0,00 €	0,00%
GASTOS TOTAIS :		122.000,00 €	

INGRESOS		ORZAMENTO	
1.	Secretaría Xeral para o Deporte	59.073,00 €	48,42%
2.	Licencias individuais e cuotas de entidades Federadas	52.000,00 €	42,62%
3.	Cuotas de inscrición a Cursos e outros.	5.000,00 €	4,10%
4.	Campionatos e torneos.	4.000,00 €	3,28%
5.	Outros ingresos.	1.927,00 €	1,58%
INGRESOS TOTAIS :		122.000,00 €	

